



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Xosé Ramón Pena

[Ramón Nicolás 30 Abril 2014](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

-A lealdade.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A lealdade.

3.– Que agarda das súas amizades?

-Que sexan leais a si mesmas, primeiro, e logo a min.

4.– A súa principal eiva?

-Teño unha tendencia cara á dispersión que, iso si, procuro combater con disciplina.

5.– A súa ocupación favorita?

-Ademais de “comer, beber e arder”, ler, escoitar boa música, ir ao cine e manter unha boa conversa cos amigos.

6.– O seu ideal de felicidade?

-Unha boa sobremesa coas persoas que quero.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-Non me considero supersticioso, pero dáme reparo declaralo: a desaparición, ou o enfrentamento, dun/cun ser querido, especialmente dun /cun fillo.

8.– Que lle gustaría ser?

-Eu mesmo, mellor persoa e mellor deportista.

9.– En que país desexaría vivir?

-Gústame este que me tocou, pero, xa postos, en Italia.

10.– A súa cor favorita?

-Os da bandeira francesa: branco, azul e vermello.

11. – A flor que máis lle gusta?

-A rosa.

12.– O paxaro que prefire?

-O merlo.

13.– A súa devoción na prosa?

-García Márquez, John Le Carré, Blanco Amor.

14.– E na poesía?

-García Lorca, os trobadores galego-portugueses, Méndez Ferrín.

15.- Un libro?

-*Lucas de bohemia, Crónica de una muerte anunciada, A esmorga.*

16.– Un heroe de ficción?

-Tintín.

17.– Unha heroína?

-Sigrid, a noiva do capitán Trueno.

18.– A súa música favorita?

-Rock e bossanova.

19.– Na pintura?

-Manet. Monet... todos os impresionistas; Gan Goh, Paul Klee.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Garibaldi, Gramsci.

21.– O seu nome favorito?

-Miguel.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A arrogancia.

23.– O que máis odia?

-A arrogancia unida á ignorancia.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-Todos os ditadores: Hitler, Franco...

25.– Un feito militar que admire?

-Ningún en particular: acaso as conquistas de Alexandre.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-A simpatía.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Desde logo, non me gustaría morrer. Pero como iso é imposible, morrer de vello, tranquilo, lúcido e indolorosamente: vaia, case unha utopía!

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-Unha mestura particular entre o estoicismo e Epicuro. Ou iso creo.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-A gula, a luxuria (sempre que vaia dirixida a persoas adultas e responsables de si mesmas, claro) e unha moderada tendencia á esaxeración.

30.– Un lema na súa vida?

-O vello adaxio que lle gustaba a Castelao: non lle poñades chatas á obra antes de vela acabada.